Voceiro da Confederación Intersindical Galega-Admón. Pública de Vigo e Pontevedra

A Xanela

Sector da Administración Autonómica–Edificio administrativo da Xunta en Vigo

Edif. Admtvo. Xunta en Vigo–8º andar, torre B Telf. 986 8 17597 - Fax: 986 817698 autonomicavigo@cigadmon.org nº51 - Abril 2011

TEMPOS DUROS

Non te vou cansar lembrándoche de como estivemos en todas as loitas sindicais, en todas as mesas e negociación, defendendo os intereses da maioría dos empregados públicos. Sábelo perfectamente, sabes que a CIG pode ser flexíbel sen deixarmos de ser teimudos a prol do xusto.

Porén non te queremos pedir o voto sen que ponderes os feitos, e aproveites a oportunidade de determinar a liña sindical na Administración Pública para os vindeiros anos.

Estamos nun fondo de desfeita, de desmantelamento, de perda de dereitos e beneficios que levaron moitos anos conquistalos, de perda de poder adquisitivo; e xunto con iso o aumento das diferenzas.

Hai sindicatos que todo dan por perdido e asisten ás mesas de negociación a amparar a algúns poucos ou a asinar desfeitas coa escusa de que chegaron ao 20%. Temos tristes exemplos. E o pior é que a non moito despois de asinar, recibimos novas propostas para reformar e empiorar ese 20% que teoricamente se salvou.

Na CIG sabemos que hai outra maneira de facer as cousas, que hai que indignarse como di o ex ministro francés en gobernos de De Gaulle, Stéphane Hessel. Como el dicía, *houbo momentos mais piores e puidemos construír un gran benestar*. Non podemos consentir que nunha sociedade mais rica se nos tire ese benestar. Non podemos consentir que se críe unha sociedade cada día con mais diferenzas sociais.

A CIG na Administración indígnase, e aplica todas as súas forzas co teu apoio contra o que nos ameaza para que ningunha espada determinista estea sobre as nosas cabezas.

Outra alternativa é posíbel, e entre todos facémola posíbel votando CIG. A CIG é o compromiso serio e honesto, con nos propios e con todos os empregados/as públicos/as. O día 14 de abril non esquezas que co teu voto ou coa túa abstención marcarás a liña sindical por catro anos. Vota CIG.

DAMOS CONTA DA XESTIÓN DA CIG

Neste boletín extraordinario contámosche a nosa visión das cousas, dos éxitos e fracasos dos catro anos pasados e así valores se a xestión da CIG é merecedora da túa confianza nas votacións que vamos ter o xoves 14 de abril, e nas que vamos elixir, directamente os 25 membros que formarán a Xunta de Persoal, e indirectamente a composición da Mesa Xeral de Empregados Públicos.

Xa de entrada pedímosche desculpas polos erros e omisións que poidamos cometer, porque é imposíbel contar todo nestas páxinas.

Plus dos altos cargos

No verán do 2007 o Parlamento Galego aprobou unha modificación da Lei da función pública coñecida como *Plus dos Altos Cargos*, que viña a conceder privilexios a empregados públicos que desempeñasen cargos políticos. A reacción da CIG contrastou co CSIF, que non abriu a boca, con CCOO, que fixo unha feble crítica, e con UGT, que despois de cualificar de demagoxia as críticas da CIG, acabaron por sacar unha nota informativa para facer o paripé. A causa destas posturas tan descafeinadas está en que o Plus naceu como consecuencia dunha porta aberta que deixou unha norma asinada polos tres sindicatos referidos: o Estatuto Básico do Empregado Público.

A CIG organizou xa nese verán e logo no tempo, manifestacións, concentracións en San Caetano e no Parlamento, denuncia ante o Valedor do Pobo, inclusive convidamos a *Caiga Quien Caiga*. Finalmente, e trala recollida de sinaturas, o noso Secretario Xeral acabou por defender ante o Pleno do Parlamento o texto legal da Iniciativa Lexislativa Popular que presentamos e que forzou a un novo debate e votación.

O Plus segue aí, e nós seguiremos loitando porque o retiren da próxima Lei de Función Pública.

Delegados da CIG imputados penalmente

No 2007 unha afiliada e once delegados da CIG, entre eles o noso Secretario Nacional foron imputados penalmente pola fiscalía dun delicto contra as Institucións do Estado, tipificada cunha pena de entre 2 e 4 anos de cadea.

As causas estaban nunha concentración diante do Consello da Xunta para protestar pola Oferta de Emprego Público, a creación de empresas públicas e a contratación de asistencias técnicas. Armados tan só con cartaces rotulados, esta concentración pacífica rematou por convertersе na primeira carga policial, se non nos falla a memoria, no interior de San Caetano. Os nosos delegados e delegadas acudiron a presentar denuncia no xulgado de garda, pero sorprendentemente fomos nós os denunciados pola fiscalía.

Tras mais dun ano entre declaracións xudiciais e ter que explicar a familiares e amigos que algúns de nós poderían ter que entrar en cadea por unha simple concentración, finalmente o caso foi arquivado.

Retribucións

Tras anos de conxelación ou subas por debaixo do IPC real, o período 2006-2009 estivo marcado por unha cativa recuperación de poder adquisitivo, froito dun acordo sindicatos-Administración Autonómica.

Ano tras ano reclamamos a cláusula de revisión salarial que salvagardase as desviacións do IPC, e ano tras ano petamos co goberno central e a baixada de pantalóns de UGT, CCOO e CSIF ao asinaren acordos en Madrid que impedían a consecución do IPC real (e así levan dende 1998).

En Galiza o acordo 2006-2009 marcou un punto de inflexión que nos permitiu recuperar, moi lixeiramente, parte das retribucións que perderamos en anos anteriores. Neses anos vimos como se incrementaron as pagas extras, se incrementaron os específicos mediante repartos lineais e se equipararon os niveis entre servizos centrais e periféricos.

Respecto do asinado en Madrid, o acordo supoñía unha mellora de ata un 2% no 2009. O reparto foi maioritariamente lineal, non proporcional.

Novamente en Madrid, CCOO, UGT e CSIF asinaron outro acordo salarial 2010-2012 que establecía retribucións por baixo do IPC: 0,3% para o 2010, 0% para 2011, e para o 2012 un compromiso de levar ao parlamento a posibilidade de compensar as perdas dos dous anos anteriores.

En Galiza, e despois de que en decembro do 2007 o PP, daquelas na oposición, lanzara a proposta de rebaixarnos o 0,5% dos nosos salarios para financiar outros programas, a primeira medida que tomaron na Mesa Xeral de Empregados Públicos á súa chegada ao poder foi aprobar en xuño de 2009 unha suba das retribucións dos Xefes Territoriais en 3.000 euros anuais.

O recorte do 5% das nosas retribucións decidido polo goberno español no 2010 supuxo a maior das agresións que sufrimos, pois aínda que acostumados á conxelación salarial, nunca antes ningún goberno se atrevera a reducilas. E na Xunta, o goberno galego aplicouno sen rechistar. As distintas concentracións, folgas e manifestacións non foron quen de anular o recorte, e nosoutros mesmos, colectivamente, non cremos na nosa capacidade para facelos recuar.

Edificios administrativos

No edificio de Vigo abriuse por fin a escola infantil. Foi un parto longo, pero finalmente, e despois de numerosas xuntanzas e actos de protesta, conseguimos que se puxera en funcionamento con persoal propio.

Tamén en Vigo, e dende o comité de prevención do edificio conseguimos organizar varias xornadas de formación en prevención, así como montar os equipos de primeira intervención que contaron con cursos de manexo de extintores de incendios, e executar dous simulacros de evacuación.

No edificio de Pontevedra, e referíndonos á escola infantil, tivemos menos sorte. A chegada do PP tirou por terra o compromiso de abrila con persoal propio, e tras varios actos, finalmente foi concedida á xestión privada. Temos que criticar neste apartado a actitude de CCOO, que actuou antepoñendo o seu interese electoral por riba do interese xeral: todos os sindicatos actuamos cunha soa voz dende a Xunta de Persoal, agás CCOO que decidiu desartellar as accións conxuntas para organizaren e daren a sensación de que eran eles os únicos que loitaban.

Coa reubicación das antigas delegacións provinciais de Pontevedra, iniciamos xuntanzas e mobilizacións para realoxar outros centros. Foi o caso do Equipo de Valoración de Minusvalías e Inspección Médica (uns con éxito e outros non), ou do desdobramento da Oficina de Emprego.

Privatizacións e altos cargos de mais

Non hai goberno que se salve desta lacra. O bipartito prometeu diminuír o número de altos cargos, persoal de gabinete e entes instrumentais (chiringuitos). Non so conservaron a maioría, senón que crearon outros novos: SOGASERSO, Sociedade Galega de Salvamento, SEAGA, Servizo de Atención ao Cidadán, Teléfone da Muller. Aumentaron mais dun 30% o número de altos cargos, aumentaron o persoal de gabinete. Houbo consellarías, como a de Medio Ambiente que xa non tiña despachos dispoñíbeis para meter mais persoal de asistencias técnicas.

Coa chegada do PP non mudaron as cousas. Eliminaron algún ente, pero foron creando outros e privatizando servizos: persoal de limpeza, comedores escolares, mantemento, centros de educación especial, ..

A CIG fartouse de denunciar estes feitos na prensa e nos xulgados sempre que houbo un buraco legal por onde meterse.

Xubilación anticipada

A CIG impulsou na Xunta de Persoal unha campaña de recollida de sinaturas que foron enviadas ao Ministerio de Administración Pública en demanda do dereito á xubilación parcial anticipada. Esta iniciativa atopou co atranco de CCOO quen, mentres na Xunta fixo propaganda da "súa" iniciativa, a súa cúpula desautorizouna: "*a confederación do sindicato non ampara estas reivindicacións, que son contraditorias coa política que ven practicando esta organización; atentan directamente contra os intereses do sistema da Seguridade Social e son profundamente inxustas e extemporáneas*" (Salvador Bangueses, secretario de política institucional e responsábel de pensións da dirección confederal de CCOO).

Libres designación

No 2008 chegamos a un acordo co bipartito polo que se establecían uns criterios que definían os tipos de postos que serían de libre designación. Con ese acordo a maioría das xefaturas de servizo pasarían a ser de concurso, cousa que se foi materializando a medida que se foron negociando, de vagar, as distintas relacións de postos de traballo.

A chegada do goberno do PP supuxo un paso atrás. Primeiro tentaron enganarnos cando se negociou o concurso de traslados e que contou co apoio dos outros sindicatos agás a CIG. O engano consistiu en que o director xeral da Función Pública deu a súa palabra de que uns meses mais tarde habería un segundo concurso para ditos postos, concurso extraordinario en canto que permitirían concursar a calquera funcionario, inclusive aqueles que levasen menos de dous anos no último destino (previa reforma legal).

A realidade foi outra: modificaron a Lei da Función Pública para garantir que todas as xefaturas de servizo volvesen a ser postos de libre designación. A modificación foi aprobada co voto favorábel de CSIF e UGT.

A CIG propón que as Xefaturas de Servizo volten ao sistema de concurso pactado co goberno anterior como única garantía de ter unha Administración profesional, onde os funcionarios non vexan como se esgota a súa promoción nunha xefatura de sección, onde os criterios técnicos e de profesionalidade prevalezan sobre os políticos, onde non se instrumentalicen estes postos.

As xefaturas de servizo non poden estar sometidas a un *spoil system* e usarse como botín de quen consegue o poder político pois iso é un insulto ao desempeño profesional dos/as funcionarios/as.

Acordo para a ordenación e mellora do emprego

En relación aos funcionarios este acordo consistiu en establecer unha serie de vías conducentes á: 1º) fixar a maior oferta de promoción interna na historia da Xunta, garantindo (agás para o corpo subalterno) a permanencia na localidade mediante a reclasificación do posto, unha das causa do fracaso das promocións internas anteriores; 2º) primeira vez

na historia que se abría a porta á promoción horizontal mediante a formación, consistente en aumentar o grao persoal sen cambio de grupo, e que comezaría polo grupo C1 [despois de reivindicalo constantemente se comprometeron a que será este ano]; 4º) redución da temporalidade, mediante a fórmula do concurso-oposición para o persoal interino en libre concorrencia [calquera cidadán podería participar]; 5º) Mesa de Negociación para a promoción do grupo E [pendente por falta de vontade da Administración].

A LOFAXGA e a mobilidade forzosa

Nun lugar de destaque entre os desacordos co actual goberno da Xunta están a Lei de organización e funcionamento da Administración Xeral da Xunta de Galiza (LOFAXGA) e a nova regulación da mobilidade forzosa na Lei da función pública.

A LOFAXGA, apoiada por CCOO, UGT e CSIF, vén a esbozar un modelo de Administración Pública desagregado en axencias e entidades dotadas de autonomía. Desde a CIG non temos nada que obxectar á creación de axencias públicas pero estamos en frontal desacordo co modelo de xestión de persoal previsto nesta lei, que permite que os estatutos de cada axencia regulen a selección de persoal propio, así como afectar as retribucións e condicións de traballo do persoal da Xunta que pase a ser destinado nelas.

A mobilidade forzosa do persoal cara a esas axencias, por outro lado, facilítase pola derradeira reforma da Lei da Función Pública, aprobada co aval de UGT e CSIF. A modificación contempla a posibilidade de que por acordo do Consello da Xunta, movan non só as persoas funcionarias senón tamén os seus postos co cal o cambio sería permanente, sen retorno.

Esta facultade comprende a posibilidade de adscribir postos de traballo das diferentes consellarías, delegacións e localidades a outras distintas, incluídas as axencias e tamén as entidades da Administración Paralela, dos chiringuitos.

Interinos e ERE encuberto

Ate o de agora, cando un xuíz dictaba sentenza de indefinición, a Administración creaba o posto. Coa modificación da Lei de Función Pública feita a través da Lei de acompañamento dos Orzamentos, apoiada co voto a favor de CSIF e UGT, cando se dea o caso da sentenza, en vez de crear a praza, a persoa afectada vai ser recolocada en prazas vacantes existentes, co que outro interino será botado á rúa.

A Administración está inmersa no proceso de desfacerse de tanto persoal funcionario como sexa posíbel amortizando vacantes e entregando as nosas funcións a empresas e/ou chiringuitos. Egoistamente implica menos promoción e mobilidade.

Comisións de servizo

Non quedan lonxe os tempos en que so uns poucos se enteraban das comisións de servizo que se ían conceder. Tralas pertinentes negociacións con Función Pública, no 2006 conseguimos un pequeno pasiño: agora, polo menos, é pública tanto a intención de conceder unha comisión como o nome da persoa "agraciada", así como que se recollía un criterio "preferente" e unha limitación temporal. A CIG apoiou esa negociación, non porque nos gustase o estado final, senón polo pequeno paso adiante que supuxo. Mais en demasiados casos seguíronse a conceder sen criterio e sen respetar ningún límite temporal.

No 2008 CCOO, UGT e CSIF presentaron unha proposta conxunta de modificación que para a CIG supuxo un retroceso e sobre todo a perda da oportunidade de negociar o que quedou pendente: criterios obxectivos que afastasen o dedo do xefe.

Na provincia de Pontevedra intentamos negociar uns criterios obxectivos firmes. O conseguimos parcialmente coa delegación de sanidade, pero foi imposíbel no resto.

Promoción interna corpos xerais

No outono do 2007, Función Pública publicou a segunda convocatoria de promoción interna separada, aínda que non contemplaba a reclasificación dos postos.

En todas as negociacións de procesos selectivos, discrepamos algunha cousa con outros sindicatos:

- Co CSIF non estamos de acordo no seu interese en primar a puntuación do grao. A CIG considera que o grao mínimo debe pesar mais e os incrementos menos, pois a postura do CSIF beneficia aos que tiveron un posto por libre designación.
- Con CCOO discrepamos á hora de valorar a antigüidade. O seu afán en estirar os anos fai perder importancia a este mérito (é como se estiramos unha goma; ao cortala estirada, o anaco que temos é menor).

Cursos de galego

Á volta do verán do 2007 a EGAP suprimiu o curso de linguaxe administrativa superior que tiñan convocado para Vigo e Pontevedra. Falamos coa EGAP e comprometéronse a organizar cursos para o 2008, pero chegado o momento esquecéronse novamente de Vigo e Pontevedra.

En resposta a isto a CIG comezou a organizar cursos de galego (medio e superior) nas dúas comarcas co diñeiro que o Ministerio de Administracións Pública nos adxudica anualmente para a formación do persoal das administracións.

Concurso de traslados corpos especiais

En maio do 2008 dicíamos "*as negociacións para concursos de traslados de corpos especiais e escalas van comezar de inmediato*". Esta información foi sempre dando traslado ao que nos dicía función pública. Foron innumerábeis as ocasións que interpelamos á empresa nas mesas de negociación, concentracións, peches.. Sempre a mesma escusa de que a RPT de unha ou outra consellaría estaba incompleta pero que en pouco xa nola achegarían. A última acción foi en febreiro do 2011 cun peche diante do despacho do director xeral da Función Pública. O seu compromiso foi que comezarían as negociacións unha vez resolto o concurso de corpos xerais.

Plan Moderna

Os tempos son malos, e se non nos enfrontamos a eles poden vir peores. Un exemplo de por onde sopra o ar:

A Comunidade Foral de Navarra aprobou no 2010 un *plan de acción estratéxico sobre o futuro da súa Administración autonómica*. O chamado "*Plan de Acción MODERNA*" propón entre outras medidas a supresión do carácter vitalicio dos postos do persoal funcionario, dentro dun conxunto de medidas orientadas de cara á "*flexibilización do estatuto de empregado público*" .

O obxectivo perseguido é o de xestionar a Administración autonómica navarra "*como unha organización empresarial en si mesma, cun funcionamento eficiente*".

Os asinantes do chamado Plan MODERNA son o Goberno navarro, UPN, PSN, a confederación de empresarios de Navarra, as universidades navarras e, ademais, as organizacións sindicais CCOO e UGT.

A pesar de que o Plan se cingue á Administración autonómica navarra, resulta evidente que supón un fito no continuo ataque á Administración, aos servizos públicos e á propia figura dos empregados públicos.

As condicións están dadas: propagación e interiorización do discurso de que unha das causas principais da crise é o excesivo gasto que supoñen os empregados públicos e de que estes son unha rémora para a sociedade, da idea do funcionario como sinónimo de ineficiente, pouco profesional e ancorado no pasado.

Centros de ensino

Que os centros de ensino son balnearios é unha idea moi estendida entre o resto do persoal funcionario. Inda que hai de todo, a realidade é ben distinta. Como mostra, aseguramos que a inmensa maioría dos conflitos nos que a CIG tivo que intervir foron precisamente centros de ensino. E tamén como proba non temos mais que observar que é neses centros onde se producen a maior parte das vacantes nos traslados, pois moito do noso persoal fuxe destes centros.

Consecuencia desta situación, e con sentenzas que ditaban que a dirección do centro podía modificar os horarios cando considerasen, ao longo do 2007 negociamos un sistema de intervención ante conflitos horarios, a suba do específico do persoal subalterno, e aumentou do nivel dos postos de auxiliar.

O dito incremento, que foi motivo dalgunhas críticas cara aos sindicatos, non deixa de ser un ben colectivo en canto que todo o persoal de corpos xerais pode optar a eses postos.

A crise económica

O 13 de novembro do 2008 a CIG convocou en solitario manifestacións en oito cidades en demanda de medidas contra a crise capitalista e para esixir responsabilidades políticas a aqueles que defenderon e xustificaron este modelo económico que permitiu aos especuladores amasar grandes fortunas e para denunciar as medidas que estaban a adoptar os gobernos: supresión dos paraísos fiscais, defensa dun sistema fiscal progresivo, incremento de impostos

ao capital, nacionalización da banca e do sector enerxético, investimento público en gasto social e economía produtiva.

Desde esa data, a CIG estivo a demandar aos demais sindicatos a convocatoria conxunta de folgas e outras accións sindicais conducentes a impedir os recortes salariais, a reforma das pensións, a reforma laboral e a negociación colectiva. Os sindicatos pactistas tan so reaccionaron cando xa era tarde e impedindo a unidade sindical. En Galiza, onde a CIG ten unha forte presenza, así como en Euskadi, houbo reacción, pero non foi abonda para impedir as decisións políticas.

A crise financeira derivou nunha fonda crise social, e os gobernantes, que ían acabar cos paraísos fiscais e refundar o capitalismo, acabaron doblegandose novamente ás directrices do mercado.

Os nosos fillos e fillas van ser a primeira xeneración que vai padecer peores condicións laborais, sociais, pensións e ate de negociación colectiva que os seus pais. E se a isto lle sumamos que os dous maiores sindicatos a nivel estatal, CCOO e UGT finalmente baixaron os pantalóns, a cousa vai ter moi difícil solución.

Funcionarios inútiles

A opinión de que o persoal funcionario é inútil e non a rasca, por desgraza está moi estendida. Que a prensa se faga eco desa imaxe ate ten unha lóxica (comercial). Pero que os nosos propios xefes, os políticos, tamén axuden a difundir esa imaxe é algo sucio. Alguén se imaxina aos dirixentes unha empresa privada falando en público mal do seu propio persoal?

Os empregados públicos non somos extraterrestres, e entre nós tamén hai de todo. E con orguio afirmamos que somos traballadores e traballadoras, que realizamos un servizo público, que nos gañamos a praza. Defender ao funcionario/a é defender os dereitos cidadáns, todo vai unido: se nós perdermos dereitos, se non se cobren as baixas, se amortizan prazas, se non se convocan oposicións nin concursos..., todo iso mingua a calidade do servizo público e consecuentemente un cidadán de a pé non pode exercer correctamente os seus dereitos fundamentais.

Escándalos e disfuncións nos procesos selectivos

Cando hai un proceso selectivo con problemas os opositores chaman á CIG. E a CIG é quen sempre está con eles, na rúa, moblizándose, acompañándoos a falar coa Administración, denunciando nos xulgados ou no Ministerio Fiscal os procesos con irregularidades.

Así o fixemos dende hai moitos anos e ultimamente coas oposicións de promoción interna ao C2 (2008) onde deixaron máis de 80 prazas sen cubrir, no A1 consolidación onde se saltaron as bases da convocatoria, no C2 consolidación e C1 libre onde denunciamos na Fiscalía e na prensa os casos de persoas que tiñan o exame con anterioridade, etc.

Denunciamos a composición do tribunal A1 libre e consolidación onde dou xefes de servizo membros do tribunal eran á vez opositores na quenda de promoción interna.

E tamén fixemos concentracións cos opositores de C2 promoción interna do ano 2007, C1 libre onde non se quixo abrir prazas C2-14 a C1, etc.

Presentamos tamén unha batería de propostas para modificar as instruccións e composición dos tribunais cara a ter uns procesos selectivos limpos.

Denuncia da contratación de asistencias técnicas

Outro frente aberto é a contratación de Asistencias Técnicas por parte da Xunta. Esta contratación lonxe de minguar vai en aumento coas restricciónes autoimpostas de cubrir prazas con persoal interino.

Tal é o caso de contratos suculentos como os de NATUTECNIA para xestionar os incendios forestais e denunciado pola CIG, ou INDRA SISTEMAS, que se fixo cargo da xestión dos expedientes da Lei de Dependencia da Consellaría de Traballo e que denunciamos ante á Axencia Española de Protección de Datos, ou a contratación de PLEXUS, empresa que enviou aos seus traballadores ás sedes da Xunta e que denunciamos ante a Inspección de Traballo, e un longo etcétera.

Tamén no caso de Gardacostas a Xunta recurríu a unha empresa privada para "acompañar" aos funcionarios deste Servizo nas lanchas.

A CIG, ao contrario doutros sindicatos, non mira para outra lado cando pretenden substituír a funcionarios/as por persoal de empresas privadas, e o fixemos sempre, con todos os gobernos.

OS OBXECTIVOS MÁIS XERAIS NO IDEARIO DA CIG

A postura do sindicato ven marcada polos criterios acordados nos congresos de cada catro anos, así como polas direccións nacionais. Convidámosche a unirte á CIG e así participar nas decisións das liñas a seguir.

Retribucións

- Recuperación do poder adquisitivo perdido.
- Cláusula de revisión salarial que compense as desviacións do IPC.
- Suba progresiva dos niveis dos postos para equiparalos a outras administracións, comezando polos niveis mínimos.
- Implantación dun sistema de carreira profesional como xa existe para o persoal do SERGAS e docente.
- Actualización e xeneralización da compensación económica para os postos con xornadas de traballo especiais.
- Trienios iguais para todos os grupos subgrupos con aproximación paulatina ao importe do A1.

Flexibilidade horaria e formación

- Establecemento do dereito á xornada flexíbel.
- Recoñecemento dun crédito horario anual para garantir o dereito á formación.

Oferta de emprego e concursos de traslados

- Fin dos límites á reposición de efectivos, de xeito que deixen de amortizar postos vacantes.
- Oferta de emprego anual.
- Dilixencia para rematar os procesos o mesmo ano da oferta.
- Promoción interna co 50% das prazas ofertadas, reserva da localidade.
- Promoción horizontal de consolidación de grao mediante formación.
- Promoción interna cruzada entre escalas e subgrupos dos Corpos Xerais e Especiais.
- Concursos de traslados anuais, para todos os corpos e escalas. Inmediata convocatoria dos concursos de Escalas e Corpos Especiais.

Postos de traballo

- Comisións de servizo reguladas por criterios obxectivos e fixos. Limite ao abuso dos comisionistas profesionais.
- Fin dos postos de libre designación ocupados eternamente en comisión de servizo
- Non aos postos da administración autonómica aberta a outras administracións mentres non haxa criterios de reciprocidade.

Substitucións

- Cobertura de todas as baixas e vacantes con persoal interino.
- Non á permitida entrada de Empresas de Traballo Temporal.

Novo marco lexislativo e regulamentario

- Negociación dunha nova Lei da Función Pública.
- Non á xeneralización de libres designación, como o caso das xefaturas de servizo, e regreso á aplicación de criterios para decidir cales si deben ser LD.
- Eliminación do privilexio do Plus dos Altos Cargos.
- Anulación a mobilidade forzosa.

Saúde laboral

- Xeneralización dos simulacros de evacuación en todos os centros de traballo.
- Acabar cos comités de prevención centralizados en Compostela e volver aos provinciais.

EGAP e formación

- Edición de temarios preparatorios para procesos selectivos.
- Crédito horario anual para garantir o dereito á formación.
- Creación de delegacións provinciais da EGAP para descentralizar a formación.

NÓS NON SOMOS O MESMO. CANDIDATURA DA CIG.

O 14 de abril (fermosa data republicana), o persoal funcionario da Administración Autonómica vamos elixir aos membros da Xunta de Persoal e a quenes nos van representar nas mesas de negociación durante os próximos catro anos cun panorama que non é precisamente do mais optimista. A CIG presenta unha candidatura ampla e variada, con xente nova e xente experimentada, pero todos e todas con gañas de traballar, con ilusión, e coas ideas claras.

Quen está e quen vai estar aí cando o precises? Co teu voto podes axudar a frear as agresións que os funcionarios e funcionarias estamos a padecer. O teu voto vai decidir quen queres que te defenda nestes momentos difíceis onde a Administración Pública tal e como a coñecemos pode desaparecer.

Pola defensa dos dereitos individuais e colectivos dos funcionarios e funcionarias.
Por unha Administración Pública profesional, independente e ao servizo dos cidadáns.
Por un servizos públicos de calidade.

O 14 de abril, Vota CIG

Candidatura da CIG:

1. Alexandre Prieto Giráldez	Traballo-Vigo
2. Carmen Crespo López	Traballo-Vigo
3. Cristina Hermida Moinelo	Facenda-Vigo
4. Isolino Carrera Billar	Traballo-Vigo
5. Fernando Ramón García Fernández	Educación-Pontevedra
6. Xosé Manuel Castro Creo	Facenda-Vigo
7. Xoán Xosé González Canedo	Pesca-Vigo
8. Francisco Xabier Serantes Garcia	Educación-A Estrada
9. Marina Rey Vázquez	Traballo-Vigo
10. Chus Maquieira Ferreiro	MATI-Pontevedra
11. Esther González González	Educación-Tui
12. Amparo López Hernández	Educación-Pontevedra
13. Pilar Víñas Estévez	Presidencia-Vigo
14. Luis H. Martín Uriarte	Medio Rural-O Porriño
15. Anselmo Rodríguez Iglésias	Educación-Vigo
16. Ricardo Blanco Fernández	Educación-Ponte Caldelas
17. Ana Cerviño Álvarez	Medio Rural-A Cañiza
18. Esther Corralo Domonte	Sanidade-Vigo
19. María José Bouzas Millán	Traballo-A Estrada
20. Celso Fragueiro Martín	Educación-Vigo
21. Nieves Raposo González	Cultura-Pontevedra
22. Cesáreo Aragón Martínez	Industria-Vigo
23. Cristina Fernández Leal	Educación-A Guarda
24. Fátima García Rodríguez	Medio Rural-Pontevedra
25. Fátima Albela Torres	Educación-Pontevedra

Apoian a candidatura:

Miguel A. Ocampo Feijoo	(Facenda-Vigo)
Ana Belén Simal Torres	(Cultura-Pontevedra)
Carme González Otero	(Presidencia-A Estrada)
Mª Carme Chorén Campaña	(Educción-Vilagarcía)
Fernando Fernandez Pérez	(Traballo-Vigo)
Xaquín San Martín Zamacola	(Cultura-Pontevedra)
Rocio Fernández López	(Medio Ambiente-Vigo)
Cristina Crespo Santiago	(Educación-Redondela)
Dolores Rúa Vázquez	(Facenda-Vigo)
María Carmen Millán Portela	(Educación-Tui)
Obdulia Marcos Marcos	(Traballo-Vigo)
Oscar Bar Blanco	(Medio Rural-Pontevedra)
Xosé Moa Cerdeira	(Industria-Vigo)
Victoria Iglesias Molares	(Industria-Vigo)
Digna Vila Barros	(Educación-O Porriño)
Patricia Gallego Pérez	(Educación-Redondela)
Carmen Cidre Rodríguez	(Facenda-Vigo)
María Álvarez Portela	(Facenda-Vigo)
Andrés Rodríguez López	(Educación-Forcarei)
Mª Montserrat Iglesias Leiro	(Sergas-Vigo)
Dimas Iglesias González	(Educación-Vilagarcía)
Manuel Xesús Muíños Rdrguez.	(Educ.-Ponteved.)
Amelia Vázquez Rodríguez	(Educación-Vigo)
María José Beltrán Muñoz	(Educación-Vigo)
Margarita Zuazua Conde	(Educación-Salvaterra)
María Belén Santorio Rodríguez	(Educación-Vigo)
Xosé Antón Castaño Gestoso	(Educ.-A Estrada)
Ana María Souto Casanova	(Educación-Vilagarcía)
Pilar Suárez Redondo	(Pesca-A Illa de Arousa)
Peregrina Ferrenho García	(Presidenc.-Pontevedra)
Juan José Pintos Dopazo	(Educación-Pontevedra)
Ana Belén Pérez Comesaña	(Pesca-Pontevedra)
Dominique Loureiro Álvarez	(Educación-Vigo)
María Martínez Fernández	(Educación-Nigrán)
Marta Patiño Fernández	(Traballo-Vigo)
María del Carmen Pérez Fernández	(Educ.-Nigrán)
Zaida Blanco Janeiro	(IGVS-Vigo)
Xabier Oubel Arcos	(Medio Rural-Pontevedra)
Jorge Luís Ramallo Estevez	(Pesca-Vigo)
Lourdes Rodríguez Rodríguez	(Facenda-Vigo)
Julia Corredera García	(Pesca-Vigo)
José Luís Calviño Fernández	(Educación-Nigrán)
Mª Elisa Costas Queijeiro	(Presidencia-Vigo)
Ana I. Goris Pereiras	(Hospital Nicolás Peña-Vigo)
José Manuel Lama Varela	(Educación-Cangas)
Mª Lourdes Cid Méndez	(Educación-Vigo)
Mª Josefa Arias Yáñez	(Educación-Redondela)
Isabel Alonso Lorenzo	(Traballo-Vigo)
Silvia Díaz Gómez	(Traballo-Vigo)
María del Pilar Pérez Pérez	(Educación-Nigrán)
Mª Asunción Cameselle González	(Traballo-Vigo)
Agustín Rial Chapela	(Presidencia-Vigo)
Beatriz Rodríguez Domínguez	(M. R.- Pontevedra)
Dolores Herrero Güenaga	(Traballo-Vigo)
Choni Palacios Espada	(Traballo-Vigo)
Diego Pintos Cores	(Biblioteca-Pontevedra)
Isaac González García	(IES A Guía-Vigo)
Xesús Pérez Otero	(Presidencia-Vigo)
Andoni López de Munain Ortubai	(Educ.-Vigo)
José Antonio Barroso Vázquez	(Pesca-Vigo)
Mª Carmen Montene. Sanromán	(Educ.-Ponteved.)
Balbina Portomeñe González	(Sanidade-Vigo)
Purificación Barciela Kirsten	(Educación -Baiona)
Laura Fernández Rivera	(Medio Rural-Pontevedra)
Mª Rocío Álvarez Lage	(Educación-Pontevedra)
Andrés Dacosta Paz	(Medio Ambiente-Pontevedra)

Alexandre Prieto Giráldez

Carmen Crespo López

Cristina Hermida Moinelo

Isolino Carrera Billar

Fernando Ramón García Fernández

Xosé Manuel Castro Creo

Xoán X. González Canedo

F. Xabier Serantes García

Marina Rey Vázquez

Chus Maquieira Ferreiro.

Esther González Gonzalez

Amparo López Hernádez.

Pilar Viñas Estevez.

Luís H. Martín Uriarte

Anselmo Rodríguez Iglesias

Ricardo Blanco Fernández

Ana María Cerviño Álvarez

Esther Córralo Domonte


Celso Fragueiro Martín

Mª Nieves Raposo González

Cesáreo Aragón Martínez

Cristina Fernández leal

Fátima García Rodríguez